



Resolución do 30 de agosto de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publica a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico 2021/22 entre o persoal docente pertencente ao corpo de inspectores de educación.

De acordo co establecido no artigo 37.d) da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais (Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 14 de xuño) e o punto oitavo da Resolución do 16 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia n.º 121, do 28 de xuño), pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2021/2022, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar definitivamente os destinos provisionais para o curso académico 2021/22 que figuran no anexo desta resolución obtidos para o persoal docente pertencente ao corpo de inspectores de educación.

Segundo: Publicar esta resolución definitiva no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <http://www.edu.xunta.gal>.

A adxudicación definitiva terá efectividade do día seguinte ao da súa publicación no dito portal da internet, sen prexuízo de que a toma de posesión se efectuará conforme o disposto no artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais.

Terceiro. O persoal adxudicatario dos destinos provisionais tomará posesión con efectividade dos efectos económicos e administrativos do día 1 de setembro de 2021, de conformidade co disposto no citado artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018.

Cuarto. Os nomeamentos serán remitidos ao seu enderezo de correo electrónico.

Quinto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

INSÍRASE NO DOG





ANEXO: ADXUDICACIÓN DEFINITIVA SECUNDARIA (ORDE DE ADXUDICACIÓN)

MODALIDADE	NIF	NOME	CONCELLO	CENTRO	ESPECIALIDADE
Ordinaria	***2277**	Rodríguez Latorre, Blanca	15078-Santiago de Compostela	15990028-Inspección de Santiago de Compostela	510600-Xeralista
Ordinaria	***0673**	Sánchez Vales, Benigno	15036-Ferrol	15990027-Inspección de Ferrol	510600-Xeralista
Ordinaria	***1339**	Veloso Carnero, Rubén	32054-Ourense	32990034-Inspección de Ourense	510600-Xeralista
Ordinaria	***9009**	Bustelo Miguéns, María	27028-Lugo	27990031-Inspección de Lugo	510600-Xeralista
Ordinaria	***7710**	Estevez Forneiro, María Reyes	36057-Vigo	36990038-Inspección de Vigo	510600-Xeralista
Ordinaria	***2272**	Pérez Feijoo, Héctor Marcos	15078-Santiago de Compostela	15990028-Inspección de Santiago de Compostela	510600-Xeralista
Ordinaria	***5284**	Esteller Fernández, María	36038-Pontevedra	36990037-Inspección de Pontevedra	510600-Xeralista
Ordinaria	***7363**	Iglesias Cortés, Estela	36038-Pontevedra	36990037-Inspección de Pontevedra	510600-Xeralista
Ordinaria	***8220**	López López, Alejandra	36038-Pontevedra	36990037-Inspección de Pontevedra	510600-Xeralista
Ordinaria	***7476**	Martínez Delgado, Verónica	36038-Pontevedra	36990037-Inspección de Pontevedra	510600-Xeralista

